



Convenio entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Sanxenxo para a impartición de ensinanzas de formación profesional básica en Cociña e restauración

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar co Concello de Sanxenxo o instrumento convencional arriba referido e que terá a vixencia dos cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Sanxenxo para a implantación de ensinanzas de formación profesional da familia de Hostalería e turismo no Concello de Sanxenxo; concretamente o ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración no IES de Vilalonga para o curso 2024-2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. No Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos, os títulos profesionais básicos terán a mesma estrutura que o resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e incluírán, ademais, as competencias da aprendizaxe permanente. Entre eles o currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en cociña e restauración.



2. Que de acordo coa Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas, establece que os ciclos formativos de formación profesional básica:
 - Entre as súas finalidades, contribuirán a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
 - A súa duración será de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo, e organízanse en módulos profesionais de duración variable.
 - A súa oferta está destinada ao alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso a estas ensinanzas, regulados no artigo 15 do Decreto 107/2014, e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.
3. Que o Concello de Sanxenxo quere continuar coa colaboración establecida no convenio asinado no 2022 e seguir coa oferta de ensinanzas de formación profesional da familia de Hostalería e turismo no concello e aportar o uso das instalacións trala reconversión do antigo CEIP O Cruceiro en talleres de hostalería, así como os equipamentos necesarios para ter a referida oferta de ensinanzas, concretamente o ciclo formativo de formación profesional básica de Cociña e restauración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

María Eugenia Pérez Fernández

Directora Xeral de Formación Profesional

